normas

DE USO DA SALA

Desde Aena dámoslle a benvida e solicitámoslle que por favor dedique uns minutos a ler estas sinxelas normas, que teñen como obxectivo favorecer unha estada agradable para vostede e para todos os nosos clientes.

1. O incumprimento de calquera das normas da Sala poderá dar lugar á denegación de acceso ou á solicitude de abandono da Sala VIP por parte do seu persoal, sen que iso xere dereito a reembolso nin a ningunha compensación.
2. As Salas VIP están concibidas para prestar servizo aos pasaxeiros que realicen viaxes de saída. Por este motivo, só poderán acceder a estes servizos os pasaxeiros comerciais que presenten un título de transporte confirmado con asento asignado e data e hora de voo establecidas e, ademais, teñan realizado o pago no mostrador, na web ou na APP, conten cunha clase que permita o acceso á Sala VIP ou sexan titulares de programas ou tarxetas autorizadas. Se é necesario, poderá solicitarse un documento acreditativo da súa identidade.
3. Debe rexistrar o seu acceso á Sala VIP no mostrador de benvida. Os seus datos son confidenciais, polo que lle rogamos respecte os espazos durante a súa espera e manteña unha distancia prudencial co cliente que lle antecede. No caso de que leve acompañante, este tamén debe estar debidamente identificado e acreditado.
4. O acceso a calquera das nosas Salas VIP está permitido desde as tres (3) horas inmediatamente anteriores á hora programada de saída do voo. Rógase confirmar condicións especiais coa súa compañía. En calquera caso, se requere o acceso con maior antelación, non dubide en consultar os prezos existentes no mostrador de benvida.
5. Durante a súa estada na Sala, a fin de manter unha atmosfera apracible, prégase discreción. manteñan as súas conversacións en ton suave e tranquilo e moderen o volume dos seus aparellos electrónicos. Recoméndase a utilización de auriculares.
6. No caso de que os clientes decidan abandonar a Sala durante a súa estada, prégase que ao volver acceder a ela presenten de novo a súa acreditación.
7. Por cuestións de hixiene, prohíbese descalzarse na Sala e acomodar os pés nos sofás e mesas. Non está permitido deitarse nos sofás.
8. Non está permitido permanecer sen camiseta, co torso espido ou en roupa interior en ningún espazo da Sala VIP, incluída a terraza.
9. Permítese a entrada de mascotas á sala, pero lémbrase que durante toda a estada deben permanecer na súa caixa de viaxe. Esta condición non será necesaria no caso dos cans guía.
10. Para manter as instalacións en perfecto estado, prégase aos clientes que sexan ordenados, fagan uso responsable da Sala e notifiquen ao persoal da Sala calquera irregularidade atopada na mesma
11. Se viaxa con nenos menores, por favor modere o seu comportamento. Non está permitido correr, saltar e xogar á pelota, así como tampouco berrar. En ningún caso os menores de idade poden estar sen acompañamento dentro da Sala.
12. Como en todo o aeroporto e segundo a lexislación vixente, non está permitido fumar, nin sequera cigarros electrónicos, excepto nas zonas habilitadas para iso (terrazas).
13. Non deixe ningún obxecto persoal desatendido. A Sala VIP non se fai responsable de calquera roubo, deterioración, rotura ou prexuízo que puidesen sufrir os seus obxectos.
14. Os consumibles son de uso exclusivo no interior da Sala; non se permite sacalos fóra. Se desexa consumir algunha bebida alcohólica, consulte a variedade dispoñible na Sala ao noso persoal.
15. Solicite no mostrador de benvida, se o desexa, un cargador móbil ou algún dos diversos estoxos dispoñibles (de ducha, de costura, de limpeza de calzado ou de hixiene persoal feminina).
16. A Sala VIP dispón de Wi-Fi gratuíto para os seus clientes. Para utilizar este servizo, deberá buscar a rede Wi-Fi a través do seu dispositivo (será o nome da sala) e acceder mediante a súa conta de Aena Club, e-mail ou RRSS.
17. Permaneza atento á pantalla de Información de voos. Aena non se fai responsable da perda de voos por falta de atención aos monitores. Se necesita algunha información adicional non dubide en consultar no mostrador de benvida.
18. A Sala VIP resérvase o dereito de admisión a calquera pasaxeiro que non atenda as normas ou xere co seu comportamento molestias ou reclamacións por parte doutros clientes.
19. Compra de acceso con información do voo facilitada: Se o día e a hora do voo se indicaron no momento da compra, o acceso só será válido para ese mesmo día. Poderá entrar desde a apertura da sala VIP ata o tempo máximo permitido antes da saída do seu voo. Se o seu voo se atrasa, isto verificarase no check-in e axustarase a reserva para manter as condicións de acceso orixinais.
20. Compra de acceso sen facilitar información do voo: Se o día e a hora do voo non se indicaron no momento da compra, o acceso será válido durante tres (3) meses desde a data da compra. O acceso está suxeito á dispoñibilidade de capacidade. Aena pode limitar a entrada por motivos operativos, pero isto non implica a perda do dereito de uso mentres o acceso sexa válido.
21. En caso de aforo completo, terán prioridade de acceso os clientes con compra a través da web ou APP de Aena, os clientes con reserva previa confirmada por Aena, clientes con tarxeta business ou que sexan titulares da tarxeta Aena Lounge.
22. Os billetes comprados a través do sitio web ou a aplicación oficial de Aena son billetes de uso único.
23. Dispone dun libro de reclamacións e suxestións a disposición dos clientes.

aena | *vip*